

FRONTE Á INVISIBILIZACIÓN, IGUALDADE REAL DE DEREITOS PARA AS PERSOAS MIGRANTES

Tanto teñen os datos. Tanto teñen os informes de todo tipo de organizacións. Tanto teñen as advertencias. As persoas migrantes sofren un claro proceso de invisibilización que as marxina aínda máis. Nestes tempos de polarización política e mediática ao redor de Cataluña, escasas son as accións decididas para correxir e modificar o aparello normativo do Estado español en materia de estranxeiría.

Mesmo a imposta 'crise das persoas refuxiadas' serviu de pretexto indisimulado para endurecer as normas que se lle dedican ás persoas migrantes. O aparello represivo posto en marcha pola Unión Europea e sobre todo polo Estado español, o mestre e modelo a seguir, quebra os proxectos de vida e impide a existencia dunha vida xusta. Sempre ao límite... ese é o premio por sortear as fronteiras da Europa-Fortaleza.

A estratexia de deportación a un CIE e deste a un voo de deportación está inzada de opacidade. O propio informe do 2016 do Mecanismo Nacional de Prevención da Tortura do Defensor del Pueblo (MNP), dado a coñecer neste 2017 sinala que os datos que recolle parten directamente dos CIE's, os campos de concentración destes tempos, e prescindin eses datos da situación de orixe e da causa que provoca dito internamento e deportación. Así, estoura o dereito a unha tutela xudicial efectiva. Estoura o estado de dereito. Estoura a democracia de cheo.

Durante o ano 2016 foron 360 as persoas estranxeiras detidas en Galicia por aspectos referidos á Lei de Estranxeiría, producíndose ademais unhas 317 identificacións. E sabemos que foron deportadas 142 persoas procedentes de Galicia.

O medo é o instrumento paralizante que empregan os gobernos. Todas as persoas migrantes teñen medo, mesmo as que teñen unha situación regularizada, xa que dependen da vontade do contratador para non verse nunha situación de irregularidade sobrevida. Medo a seren inqueridos nas rúas pola policía. Medo a seren detidos. Medo a seren deportados. Non queren fracasar: son a esperanza de demasiadas persoas. O racismo frío das institucións

mestúrase neste caso coa aporofobia, de rexeitamento ao Outro, a ese Outro, sobre todo se é pobre. Aporofobia que se tingue do estigma da criminalización, moi manifesta cando a pel connota a etnia.

Quizais teña razón Rancière ao dicir que a democracia non é un réxime político. A democracia, para existir, precisa da condición igualitaria, que é atacada e degradada polo poder oligárquico que asume -na sombra e baixo os focos- o réxime representativo. Por iso, cada vez máis pensadores falan da contradición estrutural que permite o funcionamento das democracias capitalistas: actúan en contra dos principios igualitarios que converterían en democrático o sistema. E mentres existan CIE's. Mentres existan Leis como a de Estranxeiría ou as devolucións en quente, é imposible a condición democrática. O feito de que representación, elección e democracia, tres ideas diferentes, estean mesturadas, ten como consecuencia a creación da "ilusión democrática" a través da cal as persoas padecen o poder do que imaxinan ser a orixe.

A degradación das democracias occidentais ten perfecta correspondencia, segundo Ralf Dahrendorf, coa histerización e embrutecemento do discurso político, de tal forma que ve neste século XXI, o século do autoritarismo. Fronte a isto, Esquerda Unida ten claro que cómpre mudar de sistema: baixo o capitalismo e o ordo-liberalismo actual é imposible a condición de igualdade que debe impregnar o estado de dereito e toda democracia digna dese nome.

Mentres sigan a hexemonía capitalista e ordo-liberal temos a obriga, cada día, pero aínda con máis insistencia o 18 de Decembro de cada ano, de dar voz a quen non a ten para reclamar que finalice a violación dos dereitos das persoas migrantes ao mesmo tempo que loitamos por un mundo mellor para todas as persoas.